

SGAPEIO

II CONCURSO

INCUBADORA DE SONDAXES E EXPERIMENTOS

PROXECTO DE ESTATÍSTICA

***USO DO GALEGO NO ENTRAMADO
COMERCIAL DE MUGARDOS***

CATEGORÍA: 3º e 4º da ESO

CÓDIGO: 7

GRUPO DE TRABALLO:

- Vanesa López Vila.
- Sara Silvar Gómez.
- Andrea Arias blanco.

DOCENTE-TITORA:

María Ángel Martínez Rodríguez

IES MUGARDOS

ÍNDICE

<i>I. OBXECTIVO DO ESTUDO</i>	<i>2</i>
<i>II. DESCRICIÓN DA RECOLLIDA DE DATOS.....</i>	<i>3</i>
<i>III. ANÁLISE ESTATÍSTICA E</i>	
<i> INTERPRETACIÓN DOS RESULTADOS.....</i>	<i>6</i>
<i>IV. MELLORAS E EXTENSIÓNS</i>	<i>12</i>
<i>V. CONCLUSIÓNS.....</i>	<i>13</i>

I. OBXECTIVO DO ESTUDO

Na clase de “Matemáticas A” de 4º ESO a profesora propúxonos traballar coa estatística dun xeito diferente, levándoa á práctica, e poder participar, asemade, no II concurso “Incubadora de Sondaxes e Experimentos”.

A idea pareceunos atractiva e puxémonos man á obra. O primeiro foi formar dous equipos, xa que as bases do concurso establecen grupos cun máximo de catro persoas e nós eramos cinco. Así que nos dividimos en dous: tres por un lado e unha parella polo outro.

A seguir era preciso buscar o tema sobre o que traballar. O grupo de tres persoas decantámonos polo estudo do uso da lingua galega no entramado comercial da vila de Mugarodos, trala suxestión da profesora de galego, Isabel Seoane Sánchez.

Pareceunos interesante analizar se o uso da lingua era o mesmo na familia que nos negocios que rexentaban, se se empregaba da mesma maneira cos clientes coñecidos que cos descoñecidos, cal era o idioma empregado na documentación e publicidade dos negocios e especialmente o aumento ou diminución do uso da lingua galega nas distintas xeracións, ademais da disposición que había para empregala habitualmente na actividade comercial.



II. DESCRIPCIÓN DA RECOLLIDA DE DATOS

Para obter os datos cos que traballar elaboramos unha enquisa e as profesoras puxéronse en contacto coa asociación PortoMagno, na que están agrupados a maioría dos comercios da zona.

A presidenta da Asociación falou cos socios para indicarlles que o alumnado do centro pasaría a realizar unhas enquisas sobre o uso da lingua galega e facilitar a colaboración.

Cada grupo de alumnos realizou unha media de seis enquisas en distintos establecementos (bares, panaderías, tendas de roupa, téxtil...) que previamente foran repartidos segundo a súa ubicación.

A enquisa, que se mostra na páxina cinco, constaba de 15 preguntas que xiraban arredor do emprego do galego na familia e no traballo. Realizáronse un total de 52 e todas elas foron válidas.

A continuación, na aula de informática que tiñamos asignada desde principio de curso, introducimos nunha folla de cálculo as respostas obtidas para comezar a análise dos datos e elaborar estatísticas.

En seguida comezaron a xurdir os problemas, xa que moita xente non contestou algúns dos apartados, e aí vimos a importancia de elaborar e realizar moi ben a enquisa. Non permitiamos a opción de contestar en ningunha pregunta que empregaban o galego e o castelán, xa que somos conscientes de que sempre predomina unha, e aínda así nas respostas aparecía esta contestación.

Para realizar a enquisa ós comerciantes deixáronnos unha hora de clase. Neses cincuenta minutos fomos á vila os cinco alumnos de Matemáticas A e a maioría de Matemáticas B. As nosas profesoras formaran previamente grupos de tres, catro persoas e repartíronnos os establecementos comercias segundo as rúas nas que se atopan ubicados. Na maioría dos comercios foron agradables e amables, aínda que houbo excepcións.

A hora foi insuficiente para rematar o traballo e permitíronnos volver noutra clase.

Aínda que as enquisas son anónimas, como dato curioso podemos indicar que algunhas das mulleres se negaron a indicar a súa idade, por iso que tal vez tivese sido mellor na enquisa establecer unha franxa de idades en vez da pregunta directa.



A enquisa elaborada pódese ver na páxina seguinte.

**ENQUIA DE ESTATÍSTICA PARA PARTICIPAR NO
II CONCURSO INCUBADORA DE SONDAXES E EXPERIMENTOS**

USO DO GALEGO NO ENTRAMADO COMERCIAL DE MUGARDOS

1. Tipo de negocio (técnico, bar, librería...):			
2. Sexo		Home	Muller
3. Idade			Anos
4. Que lingua fala ou falaba maioritariamente seu/súa	avó materno?	Galego	Castelán
	avoa materna?	Galego	Castelán
	avó paterno?	Galego	Castelán
	avoa paterna?	Galego	Castelán
5. Que lingua fala ou falaba maioritariamente seu pai?		Galego	Castelán
6. Que lingua fala ou falaba maioritariamente súa nai?		Galego	Castelán
7. Que lingua fala habitualmente coa súa parella?		Galego	Castelán
8. Que lingua fala habitualmente cos seus fillos?		Galego	Castelán
9. Que lingua emprega habitualmente cos clientes coñecidos?		Galego	Castelán
10. Que lingua emprega habitualmente cos clientes descoñecidos?		Galego	Castelán
11. Que lingua emprega nos documentos escritos relacionados co negocio?		Galego	Castelán
12. Que lingua emprega na publicidade do negocio?		Galego	Castelán
13. Que lingua emprega na relación con outros comerciantes, por exemplo nas asembleas da asociación Portomagno?		Galego	Castelán
14. Estaría disposto a falarlle a todos os clientes en galego?		Si	Non
15. Se a esta última pregunta responde NON: Podería explicar o motivo?			

Organizan: Departamento de Matemáticas e Dinamización Lingüística

III. ANÁLISE ESTATÍSTICA E INTERPRETACIÓN DOS RESULTADOS

III.I Datos das enquisas

Enquisas realizadas: 52.

Enquisas válidas: 52.

Enquisas inválidas: 0.

Tipos de negocio: Hostelería, alimentación, téxtil e outros.

Sexo: Homes, 15; mulleres, 37.


Media de idade: 44 anos.

Percorrido das idades: de 23 a 75 anos.


III.II. Análise xeral

As contestacións de forma xeral ás preguntas foron as seguintes:


Que lingua falan ou falaban maioritariamente os seus avós?



Os avós maternos falan máis castelán. Isto é porque as mulleres se lles falaba máis en castelán xa que se consideraba máis prestixioso.




Que lingua falan ou falaban maioritariamente os seus pais?




Nas nais aínda baixa máis o uso do galego (19%, nais; fronte a 28%, pais). Dos avós ós pais o uso do galego cae máis do 50% nunha xeración. (Media do galego nos avós/avoas: 54%; media do galego nos pais/nais: 24%).

Que lingua fala habitualmente coa súa parella?




Que lingua fala habitualmente cos seus fillos?




Fálase máis galego coa parella que cos fillos, novo descenso do uso do galego.

Que lingua emprega habitualmente cos clientes coñecidos?




Falan máis galego cos clientes coñecidos que cos fillos. Conclusión: estase perdendo a transmisión familiar do idioma.

Que lingua emprega habitualmente cos clientes descoñecidos?




O uso do galego é algo maior nas relacións con clientes coñecidos (25%) que cos clientes descoñecidos (15%).

Que lingua emprega nos documentos escritos relacionados co negocio?




Usan máis o galego na escrita, 19% que cos clientes descoñecidos, 15%. Dato curioso, débese a que a documentación que deben cubrir está en galego.

Que lingua emprega na publicidade do negocio?




Que lingua emprega na relación con outros comerciantes, por exemplo nas asembleas da asociación Portomagno?



Usan máis galego cos outros comerciantes que na casa, isto invalida a resposta que dan sobre que non usan o idioma porque non saben falalo.

Estaría disposto a falarlle a todos os clientes en galego?

Falaría a todos os clientes en galego?



Como dato curioso vemos que a maioría estaría disposto a falar galego cos clientes pero non o fai máis que un 20% (media dos porcentaxes de uso do galego cos clientes coñecidos e descoñecidos).

Se a esta última pregunta responde NON: Podería explicar o motivo?

As respostas foron:

- Porque non sabe falalo ben.
- Por se non o entenden os clientes.
- Porque non ten o costume de falalo.
- Porque a súa familia fala en castelán.
- Porque non se defende en galego.
- Porque non lle gusta.
- Por educación.
- Porque o galego só serve en Galicia, e é un lingua desprestixiada.
- Porque non o domina.
- Porque non está acostumado a falalo.
- Porque se non lle falan en galego non o fala.
- Porque o habitual é o castelán.

IV. MELLORAS E EXTENSIÓNS

Na enquisa non puxemos “Non ter fillos” ou “Non ter parella”


Puidemos poñer, en lugar de sinalar a idade, unha franxa por decenas.

Este proxecto vai servir para expoñelo na asociación de comerciantes Portomagno e que tomen conciencia da situación do galego, xa que mostran unha clara disposición a cambiar a situación.

Este traballo vai ser moi importante para os equipos de Dinamización Lingüística do IES Mugar dos e do Concello.

V. CONCLUSIONES


1.- RELACIÓN GALEGO/XERACIÓNS.



Eixo x	Xeración	Falar en galego
Abscisa 1	Avós	53,61%
Abscisa 2	Pais	23,56%
Abscisa 3	Parella	15,38%
Abscisa 4	Fillos	9,62%
Abscisa 5	Futura xeración (potencial)	7,75%


A función que mellor se axusta á tendencia a falar o galego nas familia aos futuros netos é unha función potencial ($R^2=0,9952$), que predí na futura xeración un 7,75%, e confiamos que non sexa unha exponencial ($R^2=0,9746$), que supón un 4,1%. Aínda peor é a predición da función logarítmica ($R^2=0,9621$) que supón a desaparición da transmisión familiar do idioma.

2.- RELACIÓN FAMILIA/NEGOCIO.



Utilízase máis o galego no ámbito comercial que no familiar.


3.- O IDIOMA NO TRABALLO.



O uso do castelán é moi superior ao do galego no ámbito comercial. A distribución do uso é tal que se amosa a menor porcentaxe do galego nas relacións co exterior (clientes descoñecidos, 15%; publicidade, 15%;


documentos, 19%), mentres que aumenta nas relacións máis cercanas (clientes coñecidos, 25%; outros comerciantes de Portomagno, 29%).

4.- RELACIONS HOME/MULLER CO NEGOCIO.




Os resultados obtidos mostran que, dentro do ámbito comercial, non hai diferenzas importantes no uso do galego en función do sexo, coa excepción da relación cos clientes coñecidos, cos que falan máis galego os homes que as mulleres (40% fronte a 19%, respectivamente).

5.- RELACIÓN A FALA/IDADES.




A xente máis nova, entre 20 e 40 anos, non fala galego cos fillos (NOTA: pode ser que “NS/NC” corresponda a “Non ter fillos”, resposta que non foi proposta na enquisa).



Ainda que os máis novos non falan en galego non teñen problemas en falalo cos clientes, posiblemente debido á súa formación.

6.- RELACIÓN FALA COA PARELLA/FALA NO NEGOCIO.

Como inflúe a fala coa parella na fala no negocio



Vemos aquí que os que máis galego falan coa parella son os que utilizan máis o galego nos seus traballos.

7. CONCLUSIÓNS PERSOAIS.

Este traballo é un bo exemplo de como a estatística se pode usar con datos reais, e se pode aplicar na vida real. Permittiunos tamén comprobar como é o traballo en equipo, unha maneira de formular e resolver os problemas en grupo que non é habitual nos institutos. A nivel individual, serviunos de experiencia para usar programas de tratamento de datos, presentacións e tratamento de texto; e ensinounos a utilizar as matemáticas dun modo distinto que nunha clase tradicional, máis práctico.

Tamén comprobamos que a estatística nos permite ver claramente como está diminuindo drasticamente o uso do galego de xeración en xeración na nosa bisbarra, e como a familia pode chegar a non ser transmisora da nosa lingua.

8. AGRADECEMENTOS.

Agradecemos á Asociación PortoMagno a súa axuda neste traballo.